



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS TRINTA E NOVE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E NOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e oito minutos do día vinte e nove de novembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Manuel Domínguez Álvarez, Cándido Muiños Balea, Marcial Garcia Freijeiro, Juan Jose Rodríguez Grandal, Natividad Balea Torres, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; excusa a non asistencia a Interventora Acumulada Sonia David Cortegoso Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4306.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 25 DE OUTUBRO DE 2016, NÚMERO 538.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos membros corporativos presentes da acta correspondente á sesión do 25 de outubro de 2016, número 538 e ao non formularse alegación ou observación ningunha á mesma esta queda aprobada por unanimidade de membros presentes.

4307- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que din o que segue: “4299.- INTERVENCIÓN, EXP. 33/2016, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra; 4300.- URBANISMO, EXP. 29/16 SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO ICIO POR OBRAS EN VIVENDA UNIFAMILIAR EN AVDA. DA CRUZ, 20 DE EMIGDIO GÓMEZ FUENTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao solicitante; 4301.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza e á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; 4302.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A TRASPARENCIA NO FINANCIAMENTO DE EVENTOS E ACTIVIDADES DE COLECTIVOS CON

FONDOS MUNICIPAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 4303.-DAR CONTA DO INFORME DO 3ºT/2016 SOBRE CUMPRIMENTO DA LEI POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE EN OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4304.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN AVITURGA EN RELACIÓN AO PROXECTO DE DECRETO/2016 POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DE APARTAMENTOS TURÍSTICOS, VIVENDAS TURÍSTICAS E VIVENDAS DE USO TURÍSTICO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse á Asociación e remitiuse á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; 4305.- MOCIÓN DE APOIO ÁS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia do Goberno de España, Presidencia da Xunta de Galicia, aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.”.

A Corporación dáse por enterada.

4308.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A corporación dáse por enterada.

4309.- PROPOSTA DE APROBACIÓN MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA CONCELLO DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, do “Manual de Identidade Corporativa do Concello de Poio” presentado polos Concelleiros de Cultura e Festexos, Dna. Lidia Salgueiro Piñeiro e o Concelleiros de Facenda e Patrimonio, D. Xulio Barreiro Lubián, e o informe da secretaria xeral de data 18 de novembro de 2016.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do mesmo indicando que é unha continuación coa tramitación do expediente iniciado na Comisión de Cultura do mes de marzo. Trátase dun Manual de Identidade Corporativa na que aparecen elementos do escudo municipal.

A idea xurdiu para que na Páxina Web do Concello exista un anagrama que se utilice para todo igual coas proporcións, cores, tipoloxía da letra, modelos de material de oficina timbrado, etc.

Non se toca para nada o escudo do concello, continuando pendente do informe da Comisión Heráldica de Galicia por si hai que modificar o escudo pero a día de hoxe soamente se trae o anagrama municipal.

Queda aberto a algunha proposta que puidera presentarse con respecto ao manual que se incorporaría ao mesmo.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián para manifestar que coa idea de acabar coa imaxe descoordinada, tanto na utilización do escudo do Concello como nos distintos logos ou marcas que foron aparecendo co tempo (Servizos Sociais, OMIX, Emprego, Casa Colón, ARI...),

comezaronse os traballos para que cos mesmos elementos do propio escudo se fixera un logo ou marca que nos representara e fose igual para todos, e para acadar isto, realízase o Manual de Identidade Corporativa, que se incorpora ao expediente, no que distingue a marca principal, a tipografía, as súas proporcións, as cores, a simboloxía cos distintos formatos das concellerías...

Continua explicando os usos do escudo municipal destacando que se utilizará en actos e escritos protocolarios.

Estamos esperando o informe da Comisión Heráldica.

A continuación toma a palabra a Sra. Salgueiro Piñeiro e indica que, tal e como se indicou na sesión do pleno do mes de marzo, nun primeiro momento o expediente nace conxunto, tanto escudo como da marca ou logo.

Así mesmo comenta que despois de conversas coa Comisión Heráldica, na súa labor de asesoramento, explican o tipo de tratamento que se lle debe facer ao expediente, polo que se decide elaborar a marca, que nos identifique e elaborarse o Manual de Identidade Corporativa para buscar a homoxeneidade.

A continuación toma a palabra a Secretaria presente na sesión comentando as deficiencias e incidencias detectadas no expediente plasmadas no seu informe e pregunta ao Sr. Alcalde os termos da votación e que acordo se vai adoptar.

O Sr. Alcalde indica que se someterá a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, no que se propón a aprobación do Manual de Identidade e a marca, e continuar cos trámites do expediente.

A Secretaria incide novamente en que non existe aprobación ningunha de marca ou logo previo, non se ten achegado documentación ningunha ao expediente que xustifique o cumprimento da normativa sectorial en materia de marcas e que se deberían de establecer os trámites para unha maior seguridade xurídica por canto o uso da pretendida marca provocará efectos non so de orde interno se non con terceiros axenos á organización aos que se debe proporcionar seguridade xurídica sobre identidade gráfica do concello nas comunicacións que del reciban (información pública se é necesaria, consulta no Rexistro de marcas por se existen outros dereitos anteriores e pode dar lugar a problemas..).Engade ademais que as nomras de uso (literatura) que menciona o Sr. Barreiro Lubián tan teñen tan so carácter sonoro ou verbal xa que non se teñen reflectido na documentación que se pretende aprobar.

O Sr. Barreiro Lubián di que certamente non se realizou consulta ningunha no Rexistro pero que sería moi raro que a marca que se pretende aprobar dese problema no rexistro de marcas, tal e como é a distribución por seccións.

Neste sentido o Sr. Rodríguez Grandal indica que se debería facer consulta ao Rexistro, aínda que non coincida a marca na súa totalidade, pode haber algún aspecto que coincida e dea lugar a denuncias.

A Sra. Díaz Iglesias pregunta se hai resposta da Comisión Heráldica, con respecto ao Pleno de Marzo, no que se solicitou o informe.

Así mesmo, solicita información se o manual discrimina os usos do escudo e da marca.

A Sra. Salgueiro Piñeiro contesta que Heráldica aínda non contestou pero fai algunhas recomendacións que son tidas en conta, pero aínda non é definitivo e estase estudando.

A Sra. Díaz Iglesias pregunta cal é a urxencia que motiva o tratamento do asunto no pleno do día de hoxe.

A Sra. Salgueiro Piñeiro di que tal e como se indicou na sesión anterior, houbo que sacar a páxina web, por mor dunha subvención, e nela se indicaba a nova marca, e desta maneira, facilitouse aos empregados que a solicitaron e a terceiros.

O Sr. Agís Gómez manifesta que o que se plantexa é aprobar a imaxe corporativa sen que en ningún momento se chegue a modificar o escudo heráldico, iso si que necesitaría outro tipo de trámite. Evitando esta confusión como imaxe de marca, non vai ter complexidade, e o manual será de uso administrativo.

Tras un novo requirimento da secretaria sobre os termos da proposta a someter a votación, o Sr. Alcalde manifesta que será o de aprobar a marca así como o Manual de Identidade Corporativa e se existen defectos no expediente, haberá que subsanalos e realizar consulta no Rexistro de Marcas.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese á votación do ditame emitido polo Comisión Informativa de Facenda do 21 de novembro de 2016 o que quedaa aprobado por 16 votos a favor (6 BNG, 7 PP e 3 PSOE), ningún voto en contra e unha abstención da Concelleira non Adscrita adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación ao Manual de Identidade Corporativa e a Marca e que se sigan os trámites sucesivos do expediente.

4310.- MOCIÓN 25 DE NOVIEMBRE “DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta da moción consensuada polos Grupos Municipais con representación no Pleno Municipal do Concello de Poio, do mes de novembro de 2016 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos: “ 1. Impulsar desde o ámbito local a sensibilización sobre a violencia de xénero, e a detección e apoio ás vítimas e os seus fillos e fillas menores e comprometéndose a levar a cabo actuacións de información, prevención e sensibilización da violencia de xénero dirixidas á mocidade, xa que resulta imprescindible que os mozos e as mozas comprendan, coñezan e recoñezan os primeiros sinais da violencia machista.

2. Impulsar a aplicación da Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero en coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais.

3. Garantir que os Concellos e entes locais manteñan as competencias en Igualdade e Violencia de xénero, con dotación orzamentaria suficiente, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a normativa vixente en Violencia de Xénero.

4. Declaramos municipio libre de violencia de xénero. Para iso, este concello garantizará unha rede de atención social ás mulleres en situación de violencia que lles axudará a buscar alternativas para recuperar a súa vida (dereitos laborais, políticas de formación, apoio ao emprego, vivenda, axudas sociais). Na devandita rede estarán incluídos os servizos de protección, información, asesoramento, acompañamento e acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, e para os seus fillos e as súas fillas.

Este Concello esixe ao Goberno do estado e a Xunta de Galicia que:

Dote suficientemente as partidas orzamentarias, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.

Estipule un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Poña en marcha, nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso.

Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.

Incorpore ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.

Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.

Estipule a obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte do órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.

Amplíe as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), que España ratificou e inicie os traballos precisos para desenvolver o Estatuto de Vítima do Delito.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Impulsar desde o ámbito local a sensibilización sobre a violencia de xénero, e a detección e apoio ás vítimas e os seus fillos e fillas menores e comprometéndose a levar a cabo actuacións de información, prevención e sensibilización da violencia de xénero dirixidas á mocidade, xa que resulta imprescindible que os mozos e as mozas comprendan, coñezan e recoñezan os primeiros sinais da violencia machista.

Segundo.- Impulsar a aplicación da Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero en coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais.

Terceiro.- Garantir que os Concellos e entes locais manteñan as competencias en Igualdade e Violencia de xénero, con dotación orzamentaria suficiente, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a normativa vixente en Violencia de Xénero.

Cuarto.- Declaramos municipio libre de violencia de xénero. Para iso, este concello garantirá unha rede de atención social ás mulleres en situación de violencia que lles axudará a buscar alternativas para recuperar a súa vida (dereitos laborais, políticas de formación, apoio ao emprego, vivenda, axudas sociais). Na devandita rede estarán incluídos os servizos de protección, información, asesoramento, acompañamento e acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, e para os seus fillos e as súas fillas.

Este Concello esixe ao Goberno do estado e a Xunta de Galicia que:

a) Dote suficientemente as partidas orzamentarias, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.

b) Estipule un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

γ) Poña en marcha, nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso. Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.

d) Incorpore ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.

e) Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.

f) Estipule a obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte do órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicossociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.

g) Amplíe as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), que España ratificou e inicie os traballos precisos para desenvolver o Estatuto de Vítima do Delito.

4311.- MOCIÓN DO BNG DE OPOSICIÓN AO VERTEDOIRO NO CONCELLO DE LOUSAME.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta da moción de data 14 de novembro de 2016 que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 16 de novembro de 2016 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: “Opoñerse á instalación do denominado centro de xestión ambiental de Lousame, promovido pola empresa “Gestora de Residuos del Noroeste, S.L.”, por lesivo para o medio ambiente, así como para os intereses xerais do noso concello, personándose no expediente administrativo de referencia (clave 2015-IPPC-I-82), sometido a información pública e formulando cantas alegacións sexan necesarias a fin de evitar a construción do vertedoiro a situar nas inmediacións do Monte Culou,

no termo municipal de Lousame.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción manifestando que por parte de SOGAMA esta prevista unha ampliación de 20 hectáreas que presentan como unha instalación de reciclaxe e aproveitamento para a súa transformación en enerxía e que a súa verdadeira función é a de soterrar a maior parte do lixo no citado vertedoiro.

Opoñémonos a instalación deste proxecto que consideramos que é consolidar unha situación inaceptable.

A Sra. Besada Lores di que o seu Grupo Político vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 6 abstencións do PSOE, PP e da Concelleira Non Adscrita acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián explicando o contido da moción na que se mostra a total disconformidade coa instalación do centro de xestión ambiental de Lousame no Concello de Coruña xa que non é máis que un eufemismo porque o que se pretende instalar é un macro vertedoiro de lixo, prevendo o seu soterramento e soamente o 10% sería para a súa transformación.

O Sr. Agís Gómez comenta as imprecisións que mostra o proxecto no que hai varios colectivos que mostran a súa disconformidade e manifesta que o Grupo Municipal Socialista vai vota a favor da moción xa que están en contra deste tipo de usos, o que se debe facer é buscar oportunidades e non usar a filosofía de acumular lixo.

A Sra. Díaz Iglesias mostra a súa conformidade ao texto da moción indicando que se trata claramente dun eufemismo que agocha un vertedoiro de lixo, defendemos un modelo distinto de aproveitamento.

Así mesmo a ubicación é totalmente inadecuada, nun trazado histórico do camiño Muros-Noia, inviabilidade total a súa ubicación, supoñendo un destrozo medioambiental, económico e social, xa que repercutirá de forma negativa na zona.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobada por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira non Adscrita), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Opoñerse á instalación do denominado centro de xestión ambiental de Lousame, promovido pola empresa “Gestora de Residuos del Noroeste, S.L.”, por lesivo para o medio ambiente, así como para os intereses xerais do noso concello, personándose no expediente administrativo de referencia (clave 2015-IPPC-I-82), sometido a información pública e formulando cantas alegacións sexan necesarias a fin de evitar a construción do vertedoiro a situar nas inmediacións do Monte Culou, no termo municipal de Lousame.

4312.-MOCIÓN DO BNG SOBRE A TRANSFERENCIA DA A-9.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta da moción de data 14 de novembro de 2016 que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 16 de novembro de 2016 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos: “ 1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a disconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de

transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza. 2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza. 3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP-9. 4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción manifestando que a AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, e que as competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central e estase a falar de cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que a usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG, PSOE e da Concelleira Non Adscrita, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián explicando o contido da moción destacando que a posición do Goberno Central coa autoestrada AP-9 de Galicia entra en contradición co modelo para rescatar as estradas. Pedimos que se trate e debata nas Cortes Xerais a proposición de lei para transferir a titularidade e competencias da AP9 á Galicia, tal e como se aprobou no Parlamento Galego, cremos que debemos continuar coa loita para que as competencias sexas recoñecidas.

A Sra. Díaz Iglesias mostra a súa conformidade coa moción presentada indicando que xa en sesión plenaria de abril de 2014 se aprobou unha moción neste mesmo sentido. Os beneficios da concesionaria non redundan na mellora do servizo.

Indica a súa sorpresa na actitude do Congreso ao rexeitar o seu tratamento unha vez aprobado polo Parlamento Galego.

O Sr. Agís Gómez fai referencia á relevancia da autoestrada para Galicia, considerámola un eixo vertebrador e fundamental. Unha infraestrutura que está totalmente amortizada e sen embargo encontramos unha prórroga da concesión por un prazo de 25 anos. En Galicia pensamos que debe darse unha xestión nova e apróbase por unanimidade pero cando chega o asunto a Madrid hai unha visión nova para o PP.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que votarán a favor da moción que no seu día xa votaron a favor e destaca a gran importancia da infraestrutura.

Unha vez rematada a quenda de intervención o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a

desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.

Segundo: Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.

Terceiro: Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP-9.

Cuarto: Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.

4313.- DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA:3º TRIMESTRE 2016.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2016 e que di o que segue: “A secretaria da Comisión da conta do expediente manifestando que, dando cumprimento á Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, remitiuse o pasado 28 de outubro de 2016 a obriga trimestral de subministro de información das Entidades Locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con relación aos datos referentes ao terceiro trimestre do exercicio 2016.”.

A Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4314.- PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN Á PROBLEMÁTICA NOS ACCESOS AO CEIP DE CHANCELAS A TRAVÉS DA PO-308.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese polo Sr. Alcalde á votación da inclusión do presente asunto na orde do día por non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha a que queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

A Continuación toma a palabra a Concelleira Delegada de Educación e Deporte explicando o contido da moción que di textualmente: “Margarita Caldas Moreira, como Concelleira Delegada de Educación do Concello de Poio.

SOLICITA se trate o presente acordo na sesión ordinaria do Pleno da Corporación o próximo día 29 de Novembro ;

No mesmo, se EXPÓN para seu coñecemento:

Actualmente o alumnado de Educación Infantil do Ceip de Chancelas, en horario de saída, ten que desprazarse camiñando por un tramo de empinadas escaleiras ata estrada xeral PO- 308 para poder acceder ao transporte escolar (competencia da Xunta de Galiza). Este traxecto é tremendamente perigoso tanto polo que implica o tramo de escaleiras pero moi especialmente porque súa seguridade vese afectada pola cercanía a que os máis cativos

sometense dado o intenso tráfico desta estrada, coñecida pola súa sinistralidade e pola falta de infraestruturas e actuacións que melloren a seguridade vial de tódolos usuarios. Este problema non se produce a primeira hora, dado que o alumnado desprázase nun microbús que pode subir ata estrada do colexio, nunha zona segura para a integridade das alumnas e alumnos. Estas cuestións deben ser resoltas polas institucións axudando a responder e a paliar as súas consecuencias.

Por estes motivos solicítase do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo apoiando as peticións do claustro de profesores da comunidade educativa e da ANPA do CEIP Chancelas.

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que tome as medidas oportunas para dar solución a esta situación que nos preocupa enormemente, para mesmo solicitamos se estableza un servizo de microbús para a recollida dos alumnos ao igual que se habilita á primeira da mañá evitando así que os cativos teñan que desprazarse a PO- 308.

2. Asemade dende o Concello de Poio conscientes do problema imos facilitarlle a Xunta que tome dita medida establecendo unha zona restrinxida para o bus escolar en horario lectivo durante a entrada e saída de alumnos.

Trasladar este acordo plenario, xunto coa petición do Claustro de profesores e a carta de apoio da ANPA do colexio de Chancelas, ao presidente da Xunta de Galiza e a Delegada de Educación.”.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que na proposta presentada así como na exposición da Concelleira faise referencia a dous escritos, una da ANPA do CEIP de Chancelas e outro da dirección do Centro pero sen embargo non se incorporaron ao expediente.

Igualmente solicita que a sexa un texto consensuado.

A Sra. Caldas Moreira fai entrega dos referidos escritos para incorporar ao expediente e engade que ao tratarse dunha proposta de acordo, tal e como se indica, se se aproba por unanimidade entenderase como consensuada.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a devandita proposta a que queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galiza a que tome as medidas oportunas para dar solución a esta situación que nos preocupa enormemente, para mesmo solicitamos se estableza un servizo de microbús para a recollida dos alumnos ao igual que se habilita á primeira da mañá evitando así que os cativos teñan que desprazarse a PO- 308.

Segundo: Asemade dende o Concello de Poio conscientes do problema imos facilitarlle a Xunta que tome dita medida establecendo unha zona restrinxida para o bus escolar en horario lectivo durante a entrada e saída de alumnos.

Terceiro: Trasladar este acordo plenario, xunto coa petición do Claustro de profesores e a carta de apoio da ANPA do colexio de Chancelas, ao presidente da Xunta de Galiza e a Delegada de Educación.

MOCIÓN URXENTES.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais preséntanse as seguintes mocións:

4315.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE POIO SOBRE O DRAGADO DA RÍA DE PONTEVEDRA.- De conformidade co disposto no artigo 97 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais preséntase para o seu debate unha moción sobre o Dragado da Ría de Pontevedra, presentada no Rexistro Xeral o 29/11/2016, quedando aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

A continuación toma a palabra a Sra. Caldas Moreira que explica o contido da moción e di textualmente: “A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para o dragado e rexeneración da bancos marisqueiros no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 6 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. Esta situación está a provocar graves consecuencias para ao sector do mar, xa que impide a rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente o sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

A colmatación da desembocadura e a canle do río Lérez tamén prexudica a navegación deportiva e a actividade do Náutico, debido ao escaso calado da canle de navegación do río e do porto deportivo.

Malia a urxencia desta actuación, demandada en numerosas ocasións polas confrarías do fondo da ría e polo Clube Naval, Portos de Galicia excúsase na complexidade da tramitación administrativa para xustificar un retraso de máis de 6 anos na elaboración, aprobación e execución do proxecto. Un record sen dúbida difícil de superar.

Desde o BNG de Poio compartimos a preocupación do sector marisqueiro e da navegación deportiva ante o retraso que vai acumulando o proxecto, o que obriga a modificalo para adaptalo aos cambios normativos e aos cambios na situación dos fondos mariños, que seguen acumulando sedimentos. Entendemos tamén que como medida compensatoria polo retraso, o proxecto deberá executarse nunha única fase, dotarse da conseguinte partida orzamentaria e licitarse no 2017.

Por estes motivos, o grupo Municipal do BNG de Poio solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO

1. Instar a Xunta de Galiza a dotar dunha partida orzamentaria o orzamento do ano 2017 que permita licitar o proxecto de dragado do fondo da ría de Pontevedra nunha única fase.
2. Axilizar a aprobación do proxecto para que as obras poidan comezar ao longo do ano 2017.”

Procede igualmente á lectura do acordo adoptado polo Pleno de 27 de novembro de 2012, no que se debateu unha moción conxunta dos grupos municipais sobre as medidas respecto á dragaxe do Porto de Campelo no que se acordou instar ao Goberno Galego a dotar ao porto de Campelo dun pantalán e das tan necesarias actuacións de dragaxe e instar a Portos de Galicia a que de unha resposta, e que valore a súa vontade de reunirse coas confrarías para coñecer a súa realidade e que adopte as medidas oportunas para mellorar as infraestruturas do

Porto.

O Sr. Barreiro Lubián di que na súa opinión a Xunta non é ineficaz por tardar 6 anos en facer un dragado ou os estudos o problema é que non o van a facer. Vemos detrás uns intereses que non son precisamente os públicos senón intereses económicos, falamos da concesión de celulosas.

O Sr. Agís Gómez di que o importante é que levamos anos pedindo os dragados e ao final non se fai nada, para Poio, o dragado da Ría de Pontevedra é importante pero cremos que debe ser urxente o de Campelo sendo o que non compete.

Parece ser que ENCE ELNOSA contamina e tamén que o dragado non se fai.

Aproveitando que se remitirá o acordo a Portos de Galicia, incidir que seguimos esperando a que o Presidente do organismo nos reciba para falar do expediente dos peiraos de Raxó e Covelo, reiteramos fai 15 días unha entrevista que se ía dar a 20 días despois dunha que tivemos e non houbo contestación. O proxecto e os convenios están aprobados desde o 2009.

O Sr. Moldes Martínez di que están de acordo coa moción presentada e se coa mesma conseguimos axilizar os trámites será beneficioso, pero aínda así hai 11 organismos que teñen que informar. Estamos a favor da moción aínda que a presente o BNG porque entendemos que é beneficiosa para Poio.

O Sr. Barreiro Lubián di que os informes deben emitirse nun prazo, e aínda que hai 11 organismos implicados, se non informaron é que non o van a facer despois de 6 anos.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a devandita moción a que queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar a Xunta de Galiza a dotar dunha partida orzamentaria o orzamento do ano 2017 que permita licitar o proxecto de dragado do fondo da ría de Pontevedra nunha única fase.

Segundo.- Axilizar a aprobación do proxecto para que as obras poidan comezar ao longo do ano 2017.

4316.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á DRAGAXE DO FONDO DE CAMPELO E A SÚA CONTORNA.- De conformidade co disposto no artigo 97 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais preséntase para o seu debate unha moción sobre o Dragado de Campelo e a súa contorna, quedando aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

Toma a palabra o Sr. Moldes Martínez que explica o contido da moción que di textualmente: “O Grupo Municipal Popular, ó amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal de Poio esta MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios anos ven sendo unha demanda dos veciños de Campelo e do sector do

mar de Poio a dragaxe do porto de Campelo e o fondo da súa contorna.

Esta demanda confúndese a miúdo coa necesidade –tamén imperiosa, pero máis esixente técnica e financeiramente- de limpar o fondo fluvial da ría de Pontevedra e o leito do Lérez. Na nosa opinión, senllas actuacións poden facerse de forma independente, e pola presente desexamos que o Pleno da Corporación inste a executar en primeiro lugar e coa máxima prioridade a dragaxe do fondo do peirao de Campelo.

Segundo a información dispoñible, os traballos de dragaxe do peirao de Campelo serían moito menos complexos, e dependerían en grande medida da determinación para depositar os fangos resultantes desta dragaxe.

A tramitación previa para a limpeza dos fondos na contorna do peirao tamén sería moito máis sinxela e previsiblemente sería posible comezar os traballos moito antes do que a dragaxe xeral do río Lérez, e tería uns efectos moi positivos que non se circunscribirían só a Poio.

En particular, esta medida suporía un gran avance nas condicións de traballo dos mariñeiros, bateiros e mariscadores que atracan en Campelo e para todos os que utilizan a lonxa, aos que en ocasións a acumulación de sedimentos mesmo obrigou a permanecer fondeados e non poder saír a faenar.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Poio eleva ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Instar ás administracións competentes a axilizar o dragado do peirao de Campelo e tomar as medidas oportunas para que dito dragado se leve a cabo da maneira máis áxil.
2. Solicitar que o dragado do peirao de Campelo se leve a cabo de xeito independente do dragado do Lérez.”

Igualmente engade que se deberían de tratar como temas distintos xa que o da Ría de Pontevedra é moito máis complexo, sen embargo o de Campelo conta con menos complexidade e un menor coste e con esta moción queremos facer fincapé para que se axilicen os trámites .

A Sra. Caldas Moreira di que en ningún momento se misturaron os asuntos, que non entende a intervención nese sentido.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a devandita moción a que queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar ás administracións competentes a axilizar o dragado do peirao de Campelo e tomar as medidas oportunas para que dito dragado se leve a cabo da maneira máis áxil.

Segundo: Solicitar que o dragado do Peirao de Campelo se leve a cabo de xeito independente do dragado do Lérez.

ROGOS.- Non se producen. PREGUNTAS.- De Conformidade co disposto no artigo 97 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de

organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. Torres Balea quere preguntar se en Poio se iniciaron trámites para o funcionamento do transporte metropolitano.

O Sr. Alcalde contesta que ese tema se tratou fai uns 8 anos, no que participaron varios concellos, pero quedou parado, naquel momento o que se trataba era de colaborar de forma económica e aínda así víamos que o servizo non ía mellorar que seguiría sendo deficitario e existían moitos problemas coas empresas concesionarias. Neste momento terá que ser a Xunta ou Pontevedra quen tome a iniciativa e non convoque, e a partir de aí será cando se tomen decisións.

INTERPELACIÓNS.- Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e oito, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.